

# Salceda de Caselas

un concello para coñecer

[www.riasbaixas.depo.es](http://www.riasbaixas.depo.es)



Á medida dos teus desexos



Deputación  
Pontevedra



# O noso concello

O Concello de Salceda de Caselas localízase no sueste da Comarca de Vigo. Conta cunha poboación de máis de 8.500 habitantes, que se distribúe ao longo de 36,1 Km<sup>2</sup> en sete parroquias: A Picoña, San Xurxo, Santa María de Salceda, Budiño, Soutelo, Parderrubias e Entenza.

## Terra de Pazos

En poucos lugares de Galiza podemos atopar un número tan elevado de Pazos como en Salceda. Erguidos como morada das familias fidalgas nos séculos da Idade Moderna, onde se combina a súa condición residencial e de lecer coa de centros de produción agrícola. En Santa María de Salceda atópanse os dous fermosos pazos de Pegullal e Avalue. En San Martiño da Picoña atópase un dos pazos máis fermosos de Galiza, coñecido co nome da “Casa Grande” e constitúe a mellor mostra do esplendor dos señores da Picoña, de gran relevancia na comarca.

Na parroquia de Entenza, no lugar da Corisca, está a casa que pertenceu ao xeneral Rubio.

Actualmente todos están en mans privadas, polo que a súa visita non é posible.



## Festas

Destacan as citas do Entroido, as Festas do Cristo e a Festa Gastronómica dos Callos.

O Entroido comeza o venres co desfile dos Centros Escolares; continúa o domingo co Concurso de carrozas e comparsas e coa verbena na Praza do Concello; segue o luns coa tradicional rivalidade entre os barrios da Feira e Barreiro e acaba o martes, festividade local, coa presentación no casco urbano das carrozas e comparsas realizadas durante meses pola veciñanza dos dous barrios.

Aparte das festas, todos os mércores se celebra o popular mercado.

Festas do Cristo das Angurias:

Terceira fin de semana de xullo

Festa dos Callos:

Primeiro domingo de setembro

Rancho de Reis:

6 de xaneiro

Festas parroquiais:

Todas as parroquias celebran a súa festa patronal



# Un concello para coñecer

## Sendeiro do río Caselas, fonte de Agüín, ponte do Picado

Esta senda transcorre ao carón do río Caselas. Comeza na Fonte de Agüín, no barrio do Cruceiro, e remata na Ponte do Picado, no barrio de Muíños na parroquia de Entenza. Durante o seu quilómetro de lonxitude pasa por tres zonas ben diferenciadas: os “Lameiros”, as terras da Quinta da Gargantada e a zona coñecida como “Illa do Picado”, onde se atopa o muíño do mesmo nome, o único de tres moas que se conserva neste Concello.

A senda enmárcase no contorno do río Caselas (12 km de lonxitude), que no seu tramo final entronca co LIC (Lugar de Interese Comunitario - Rede Natura 2.000) do río Miño, do que é afluente.

O lugar conserva un interesante bosque de ribeira no que destacan fermosos exemplares de freixos, amieiros, salgueiros, loureiros... Aquí habitan interesantes especies da fauna galega como a ra patilonga, o lagarto das silveiras, a garza real, o picapeixe, o aguanón, etc.; e tamén especies piscícolas como as troitas ou as aguiás.



## Senda fluvial e Parque etnográfico Muíños do río Caselas

É un novo espazo de lecer que recupera o entorno do río Caselas. A senda comeza no lugar das Pontes na parroquia de Santa María, pasa pola parroquia de San Xurxo e remata na Picoña, no lugar de Rubal.

Ao longo dos seus 2 km de lonxitude a senda fai un percorrido polo Parque etnográfico dos Muíños do río Caselas; onde se rehabilitaron os muíños das Covas, muíño da Laxe ou dos Cregos, muíños de Figueiras (un de xofre e un de gran) e o muíño de Marcial ou Fondóns.


No muíño da Laxe rehabilitouse toda a maquinaria e está en funcionamento tras anos de abandono. A través de paneis dáse a coñecer a riqueza do patrimonio vinculado ao río Caselas e tamén ponse en valor o conxunto dos 56 muíños catalogados no concello.



## Senda dos Humedais

O Lugar de Interese Comunitario (LIC) “Gándaras de Budiño” é un dos humedais interiores máis interesantes de Galicia, tanto polos hábitats como polas especies que alberga. Ten unha superficie total de 834,17 ha e pertence aos concellos do Porriño, Tui e Salceda de Caselas.

A auga é o elemento que define esta ruta. A súa presenza acompañará a nosa andaina e verémola percorrer por regatos, ríos, brañas, gándaras, regos e bosques asolagados. Tamén seguindo as augas, chegaremos aos campos de cultivo e prados, que axudan ao mantemento dunha interesante biodiversidade.



## Montes de San Cibrán PRG132

Trátase dunha ruta lonxitudinal de 12,83 km. que se inicia no Alto do Confurco e ascende por Couso ata a ferverza da Galomeira, continuando logo ata o alto de San Cibrán. Dende alí descende cara a parroquia de Picoña paralela ao río Caselas, que presenta unha rica vexetación de ribeira e varios muíños. Dende o fondo do val o sendeiro ascende de novo cara os montes comunais de San Xurxo e vaise afastando das leiras e casas para volver a discorrer entre masas de piñeiros e eucaliptos. A ruta finaliza na área recreativa das Conforcadas, onde se pode enlazar con Sendeiro das Greas GR-58 para regresar ao alto de Cans e realizar un percorrido circular.



## Sendeiro das Greas GR58

É o máis extenso dos sendeiros de gran percorrido de Galicia. É un percorrido circular duns 250 quilómetros que percorre todos os municipios da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Trátase dun itinerario dunhas 70 horas que comeza no aeroporto de Vigo e atravesa os termos municipais de Redondela, Soutomaior, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Mos, Pontearreas, O Porriño, Salceda de Caselas, Tui, Gondomar, Baiona e Nigrán, para rematar de novo en Vigo.

Son moi numerosos os atractivos ambientais deste sendeiro, que atravesa paraxes de gran beleza onde non faltan bos exemplos de arquitectura popular. Ao seu paso por Salceda destacan edificios de singular factura como os pazos de Pegullal, Aballe e Picoña, ademais dunha gran variedade de monumentos populares, de elementos culturais de todo tipo e de paisaxes de extrema beleza.



**Salceda de Caselas conta con seis áreas recreativas** cunhas instalacións onde poder merendar, xantar, ou simplemente descansar. Todas elas teñen acceso para vehículo, e están relativamente próximas ao centro urbano, a máis distante está a 6 Km.

Espicho do Faro, Entenza  
As Conforcadas, San Xurxo  
O Borrallión, Soutelo  
Os Agoeiros, Santa María de Salceda  
Penedo Redondo, Parderrubias  
Rubindo, Budiño

